

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo de dous prismas de base rectangular e un cubo, onde o cubo deberá estar situado diante dun dos prismas, o foco lumínico situarase a dereita dos corpos. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de craro-escuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha interpretación libre da seguinte obra de TIZIANO VECELLIO, 1546: *Pablo III e os sobriños Alexandre e Octavio Farnese*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan dous cubos de igual tamaño e un prisma de base rectangular; un dos cubos deberá estar situado diante do prisma, o foco lumínico será único e partirá da esquerda. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de craro-escuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“Cando cheguei a Tournon, comezou a chover. As empinadas murallas dos restos da fortaleza alzábanse ante mín, como se non houbera forma de acceder á cidade agás agatuñando coidadosamente polas perigosas murallas. Non había ningunha porta, ningún camiño.”

ROTH, Joseph (2000). *As cidades brancas*. Barcelona: Minúscula, S.L., (páx. 36).

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo de tres prismas de base cuadrada; o foco lumínico partirá da esquerda. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de craro-escuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha interpretación libre da seguinte obra de FACTORI, Giovanni, 1866: *A rotonda de Palmieri*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan dous prismas de distinto tamaño e base rectangular e un cubo; o cubo deberá estar situado diante dun dos prismas. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de craro-escuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“É mediodía. Quero comer en Faestos. Continuamos. Parou de chover; as nubes dispersáronse. A bóveda celeste ábrese coma un abano, o azul descomponse nesa derradeira luz violeta que da a todo o grego un aspecto sagrado, natural e familiar. En Grecia tense o desexo de bañarse no firmamento. Desexa un quitarse a roupa, dar un salto e lanzarse o azul.”

MILLER, Henry (1992). O coloso de Marusi. Barcelona: Seix Barral, S.A., (páx. 182).

CONVOCATORIA DE XUÑO

Primeiro exercicio: terase en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida. (1 punto).
- A capacidade de análise e síntese da imaxe. (1 punto).
- A composición. (1 punto).
- O estudio do claroscuro. (1 punto).
- As relacións de proporcións entre os corpos. (1 punto).

A puntuación máxima será de 5 puntos.

Segundo exercicio: a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas a representar. (2 puntos).
- O coñecemento do material a empregar, a súa adecuación ó debuxo a realizar e a capacidade expresiva da técnica gráfica. (1 punto).
- A composición. (1 punto).
- A capacidade de representa-lo imaxinado. (1 punto).

A puntuación máxima será de 5 puntos.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Primeiro exercicio: terase en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida. (1 punto).
- A capacidade de análise e síntese da imaxe. (1 punto).
- A composición. (1 punto).
- O estudio do claroscuro. (1 punto).
- As relacións de proporcións entre os corpos. (1 punto).

A puntuación máxima será de 5 puntos.

Segundo exercicio: a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas a representar. (2 puntos).
- O coñecemento do material a empregar, a súa adecuación ó debuxo a realizar e a capacidade expresiva da técnica gráfica. (1 punto).
- A composición. (1 punto).
- A capacidade de representa-lo imaxinado. (1 punto).

A puntuación máxima será de 5 puntos.